



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Marzo 2019


Santiago de Compostela, 09 de maio de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2019

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en marzo de 2019 un retroceso do 6,9% con respecto a marzo de 2018, mentres que a nivel nacional rexistrouse unha caída do 0,1%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo e os bens de equipo creceron un 4,1% e 7,4% respectivamente. Pola contra, os bens intermedios e a enerxía caeron un 4,6% e 28,2% respectivamente.
- Por ramas de actividade as maiores achegas negativas corresponden á “producción de enerxía eléctrica” que resta 8,2 puntos, a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que resta 1,1 puntos, a “metalurxia” e a “fabricación de material e equipamento eléctrico” que restan 0,4 puntos, cada unha delas, á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destacan a “fabricación de produtos metálicos” que achega 1,4 puntos, a “fabricación de vehículos de motor” que achega 1,3 puntos e a “industria da alimentación”, que achega 0,8 puntos á taxa interanual do índice xeral.

Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2019



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de marzo de 2019 en Galicia rexistrou un retroceso do 6,9% en taxa interanual, minorando en 0,3 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-6,6%). En España rexistrouse un retroceso do 0,1%, empeorando en 0,2 puntos a taxa acadada no mes anterior (0,1%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 4,1%, o que achega 0,9 puntos á taxa interanual
- Os **bens de equipo** rexistran un avance do 7,4%, o que suma 1,6 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** baixan un 4,6%, cunha repercusión negativa de 1,3 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un 28,2% restando 8,2 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de febreiro de 2019, por destino económico, os bens de consumo minoran en 0,5 puntos, os bens de equipo aumentan 5,7 puntos, os bens intermedios suben 4,6 puntos e a enerxía diminúe 9,6 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de marzo foron: “fabricación de produtos metálicos” que achega 1,4 puntos, a “fabricación de vehículos de motor” que achega 1,3 puntos e a “industria da alimentación”, que achega 0,8 puntos á taxa interanual do índice xeral.

No que respecta ás repercusións negativas destaca a “produción de enerxía eléctrica” que resta 8,2 puntos, a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que resta 1,1 puntos, a “metalurxia” e a “fabricación de material e equipamento eléctrico” que restan 0,4 puntos, cada unha delas, á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 3,8% de Aragón e Murcia e o -9,1% de Extremadura. Ademais da devandita, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Andalucía (3,6%), Asturias (2,7%), País Vasco (2,6%), Cataluña (1,9%), Canarias (1,9%), Castilla - La Mancha (1,4%), Comunitat Valenciana (0,8%) e Cantabria (0,6%).

IPI marzo 2019 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodol6xicas

O IPI 6 un indicador conxuntural que mide a evoluci3n mensual da actividade produtiva das ramas industriais, 6 dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerx3a el6ctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xesti3n de residuos e descontaminaci3n, que son, respectivamente, as secci3ns B, C D e E da Clasificaci3n Nacional de Actividades Econ3micas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evoluci3n conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a s3a obtenci3n real3zase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a m3is de 11.500 establecementos en Espa3a e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Marzo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	106,8	-6,9	-5,4	--	--
Bens de consumo	115,2	4,1	2,4	0,9	0,5
Bens de equipo	104,5	7,4	2,7	1,6	0,6
Bens intermedios	118,9	-4,6	-7,1	-1,3	-2,0
Enerxía	90,4	-28,2	-16,0	-8,2	-4,5
España					
Xeral	110,4	-0,1	0,7	--	--
Bens de consumo	104,9	-1,5	1,3	-0,4	0,3
Bens de equipo	122,7	4,7	4,2	1,1	1,0
Bens intermedios	116,7	3,7	1,2	1,1	0,4
Enerxía	95,4	-9,6	-4,5	-2,0	-1,0

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Marzo 2019

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-6,9		-5,4		
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e	17,3	1,4	13,1	1,0	7,7
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	13,3	1,3	3,8	0,4	13,1
Industria da alimentación	6,6	0,8	3,1	0,4	13,2
Fabricación de bebidas	16,4	0,5	11,4	0,3	3,5
Industria do papel	11,0	0,2	5,4	0,1	2,2
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	6,6	0,2	-3,0	-0,1	2,0
Outras industrias manufactureiras	9,8	0,0	5,8	0,0	0,5
Industria química	2,1	0,0	-3,5	-0,1	1,5
Confección de roupa de vestir	0,0	0,0	0,0	0,0	4,1
Industria téxtil	-8,0	0,0	6,8	0,0	0,6
Outras industrias extractivas	-8,7	-0,1	-11,9	-0,1	1,1
Fabricación doutro material de transporte	-4,2	-0,1	-3,0	-0,1	2,0
Fabricación de mobles	-9,5	-0,1	-10,5	-0,1	1,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-5,2	-0,2	-2,2	-0,1	3,6
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-9,6	-0,2	-6,4	-0,2	2,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-10,8	-0,3	-8,7	-0,2	2,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-19,1	-0,4	-18,3	-0,4	1,4
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-9,1	-0,4	-23,7	-1,4	5,1
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-26,1	-1,1	-19,0	-0,7	4,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-34,6	-8,2	-19,6	-4,6	22,3
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Marzo 2019

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	110,4	-0,1	0,7
Galicia	106,8	-6,9	-5,4
Andalucía	102,1	3,6	2,9
Aragón	115,6	3,8	2,9
Asturias	108,4	2,7	0,7
Balears (Illes)	89,4	-6,1	-5,1
Canarias	101,6	1,9	2,6
Cantabria	124,0	0,6	0,0
Castilla - La Mancha	105,3	1,4	4,5
Castilla y León	104,8	-4,7	-0,3
Cataluña	115,8	1,9	0,2
Comunitat Valenciana	110,2	0,8	1,2
Extremadura	98,1	-9,1	-6,7
Madrid	113,2	-5,3	0,7
Murcia	108,2	3,8	2,9
Navarra	109,4	-0,1	1,5
País Vasco	113,2	2,6	2,2
Rioja (La)	96,3	-3,0	-2,8

Fonte: INE